



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

C.P.I. Plurilingüe de Navia de Suarna

Rúa Pallarón s/n
27650 Navia de Suarna, Lugo
Telf.: 982 87 06 01 Fax: 982 87 06 03
cpi.naviadesuarna@edu.xunta.es

Proxecto Lingüístico de Centro

Data de aprobación: curso 2018-19

(Presentado e aprobado en reunión do Claustro e Consello Escolar os días 12/12/2018 e 20/12/2018 respectivamente).

CPI Plurilingüe de Navia de Suarna
A Proba de Navia de Suarna
Lugo

Proxecto lingüístico de Centro

1	DATOS DO CENTRO.....	4
2	CARACTERÍSTICAS DO CENTRO.....	4
	2.1 Alumnado do centro.....	4
	2.2. Equipo docente.....	5
3	CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA.....	5
4	ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	6
	4.1. Criterios para determinar a lingua predominante do contorno.....	6
	4.2. Contorna sociolingüística do centro.....	6
	4.3. Situación do profesorado.....	9
	4.4. Situación do alumnado.....	11
	4.5. Situación lingüística do centro.....	15
	4.6. Determinación da lingua materna predominante do alumnado.....	16
	4.7. Materias impartidas en lingua Galega.....	16
	-Educación Infantil.....	16
	- Educación Primaria	17
	- Educación Secundaria	18
	4.7.1 Medidas de apoio ou reforzo.....	19
	4.7.2 Exención.....	19
	4.7.3 Actividades extraescolares.....	20
5	OBXECTIVOS DO PLAN DE FOMENTO DO USO DO GALEGO.....	20
	5.1 Obxectivos cara ao contorno sociolingüístico.....	20
	5.2 Obxectivos cara ao profesorado.....	20
	5.3 Obxectivos cara ao alumnado.....	21
	5.4 Obxectivos cara ao centro.....	21
6	DOCUMENTO PARA O FOMENTO DO USO DO GALEGO, CASTELÁN, INGLÉS (1ª lingua estranxeira) E FRANCÉS (2ª lingua estranxeira).....	21
7	PROGRAMAS LINGÜÍSTICOS.....	23
	7.1 Seccións bilingües e centro Plurilingüe.....	23
	7.2 Anticipación da primeira lingua estranxeira.....	23
	7.3 Programa PIALE.....	24
	7.4 Axudas-le e semana de inmersión lingüística “English Week”	24

Lexislación aplicable:

- Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.
- Decreto 330/2009, do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 133/2007, do 5 de xullo, polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (DOG 26-01-99).
- Orde do 3 de outubro de 2000 pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999 polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias (D.O.G. Do 2 de novembro).
- Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.

1 DATOS DO CENTRO

- Tipo de centro..... Centro Público Integrado
- Denominación oficial..... CPI Plurilingüe de Navia de Suarna
- Código do centro..... 27007788
- Provincia..... Lugo
- Enderezo..... Pallarón S/N
- Código Postal..... 27650
- Teléfono..... 982 87 06 01
- Fax:..... 982 87 06 03
- C.I.F..... Q7755034A
- Correo electrónico..... cpi.naviadesuarna @edu.xunta.es

2 CARACTERÍSTICAS DO CENTRO

O CPI de Navia de Suarna foi creado como Colexio Público de EXB no ano 1977, sendo transformado posteriormente co obxecto de impartir a ESO en Centro Público Integrado. Froito disto realizouse unha pequena ampliación para albergar algunhas aulas de Educación Secundaria.

A oferta educativa do centro autorizada segundo catálogo é a seguinte:

- Non hai catalogada unidade de infantil aínda que este curso hai 6 alumnos
- Educación Primaria: 2 unidades.
- ESO: 4 unidades.

Durante o curso de elaboración do proxecto (2018-19) funcionan as seguintes unidades:

1 Educación infantil (4º e 5º)

1 mixta de Educación Infantil (6º) e Educación Primaria (1º e 2º)

1 mixta de Educación Primaria (5º e 6º)

2.1 Alumnado do centro

A maior parte do alumnado procede do mesmo concello de Navia de Suarna, o resto procede doutros limítrofes: como o de San Antolín de Ibias en Asturias e o de Candín en León. A maioría do alumnado vive en aldeas de menos de 50 habitantes, e só unha pequena porcentaxe vive na vila. Isto fai que a meirande parte dos alumnos utilicen os servizos de transporte escolar e o de comedor.

	Número alumnado (curso 2018-19)
Educación Infantil	6
1º de Educación Primaria	1
2º de Educación Primaria	1
3º de Educación Primaria	0
4º de Educación Primaria	0
5º de Educación Primaria	3
6º de Educación Primaria	4
1º da ESO	6
2º da ESO	4
3º da ESO	4
4º da ESO	5

2.2. Equipo docente

O claustro está integrado este curso 2018-19 por 15 profesores: 3 de E.P e Infantil e 12 de ESO (dous deles itinerantes)

3 CARACTERÍSTICAS DA CONTORNA

O centro localízase na capital do concello de Navia de Suarna. Trátase dun concello moi accidentado situado na área montañosa da Galicia oriental, concretamente na zona setentrional da Serra dos Ancares. Ten unha superficie de 242,6 km² nos que se distribúe a súa escasa poboación de forma moi espallada en 20 parroquias e 103 lugares, feito que provoca unha baixa densidade de poboación (5,6 hab/km²).

Demograficamente, o concello de Navia, ao igual que moitos outros concellos da Galicia interior, vén perdendo de forma moi significativa poboación. Na actualidade o seu censo segundo o IGE (revisión do padrón municipal de 2017) é de 1.140 habitantes, poboación en gran medida envellecida cunha media de idade de 59,21 anos.

En canto á estrutura familiar observamos un predominio das familias extensas nas que conviven os avós, pais e fillos na mesma unidade familiar.

Os alicerces económicos do concello susténtanse no sector primario, fundamentalmente na agricultura e a gandería, tendo tamén certa relevancia o sector da construción e o sector servizos.

A oferta cultural e de lecer existente no concello é claramente deficitaria, aínda que hai unha biblioteca municipal o seu horario de apertura é moi reducido e a súa programación de actos culturais, esporádica.

Polo que respecta ás novas tecnoloxías o seu nivel de implantación tamén é moi deficitario, sobre todo no referido á conexión a internet.

4 ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO

4.1. Criterios para determinar a lingua predominante da contorna

Para achegármonos dunha forma real, e non intuitiva, á situación e ós hábitos lingüísticos do alumnado do centro, optamos por elaborar unha enquisa sociolingüística.

Nela cubrimos as potenciais situacións comunicativas do alumnado, familias, profesorado e do centro.

4.2. Contorna sociolingüística do centro

Na contorna, a lingua de uso habitual é claramente o galego en todas as franxas de idade. A este respecto achegamos na seguinte táboa os datos recollidos polo Instituto Galego de Estatística sobre o uso do galego na comarca dos Ancares, da cal forma parte o concello de Navia de Suarna, xunto cos concellos de Cervantes, Becerreá, Baralla e Pedrafita.

Frecuencia de uso	IDADES						
	De 5 a 9	De 10 a 19	De 20 a 29	De 30 a 39	De 40 a 49	De 50 a 59	Máis de 60
SEMPRE	93,15%	93,48	90,29	91,42	94,7	97,3	97,13
ÁS VECES	6,25%	3,3	4,89	4,49	2,86	1,08	1,29
NUNCA	0,60%	3,21	4,82	4,09	2,44	1,62	1,57

Estes datos confirman que estamos nun contorno galegófono, feito que xa podiamos apreciar a través da simple observación dos usos e hábitos lingüísticos dos pais e nais do alumnado do centro. Para confirmar esta apreciación dun xeito máis empírico realizamos durante o presente curso unha serie de enquisas dirixidas ao alumnado, ás súas familias e ao equipo docente do centro seguindo o modelo ofrecido na Guía Práctica para a Planificación Lingüística nos Centros Educativos publicada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellaría de Educación.

Os resultados obtidos na devandita enquisa sociolingüística ás familias foron os seguintes:

•Lingua na que aprendeu a falar o voso fillo/a:

En castelán	En galego	Nas dúas	Noutra(s)
20 %	75 %		5 %

•Lingua na que se fala habitualmente no domicilio familiar.

Só castelán	Predominio do castelán	Castelán e galego por igual	Predominio do galego	Só galego	Outra(s)	NS/NC
		15 %	5 %	75 %	5 %	

•Lingua que usa habitualmente o/a voso/a fillo/a

Só castelán	Predominio do castelán	Castelán e galego por igual	Predominio do galego	Só galego	Outra(s)	NS/NC
		15 %	25 %	60 %		

• **Actitudes, opinións e valoracións sobre a lingua galega:**

- O galego é unha lingua axeitada para as novas tecnoloxías, ordenadores, videoxogos...

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
	15 %	15 %	20 %	40 %	10 %

- As matemáticas pódense aprender en galego.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
		25 %	15 %	50 %	10 %

- A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
				100 %	

- Gustaríanos que o/a noso/a fillo/a recibise máis clases en galego.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
	15 %	45 %	25 %	15 %	

- Gustaríanos que o noso fillo recibise máis clases en castelán.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
	15 %	45 %	25 %	15 %	

- En Galicia, o galego é pouco útil.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
60 %		10 %		25 %	5 %

-En Galicia, debería usarse máis o galego.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
		20 %		75 %	5 %

- A xente que fala castelán é máis intelixente.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
100 %					

Con respecto á lingua empregada polo concello e as entidades asociativas nas súas comunicacións orais predomina o galego e nas comunicacións escritas avanzouse moito nos últimos anos podendo afirmar que na actualidade tamén predomina o galego.

O ámbito no que se pode observar unha menor normalización do uso galego escrito é nas actividades comerciais e empresariais.

Ofrecemos na seguinte táboa un cadro resumo do Contexto Sociolingüístico do Centro:

Lingua habitual nos fogares	Predomina o galego
Lingua habitual nas interaccións comunitarias	Predomina o galego
Lingua empregada polo Concello	Predomina o galego
Lingua empregada polas entidades asociativas	Predomina o galego
Lingua empregada nas actividades comerciais e empresariais	Predomina o galego (no uso oral, mais non na escrita na que predomina o castelán)

4.3. Situación do profesorado

Co obxecto de coñecermos mellor a realidade lingüística do profesorado, no curso 2018-19 realizamos un cuestionario socio-lingüístico baseándonos nos propostos na publicación “*A Planificación Lingüística nos Centros Educativos*” publicada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística e a Consellaría de Educación.

Os resultados da enquisa sociolingüística realizada ao profesorado foron os seguintes:

- Consideración do nivel de capacitación en galego para empregar na actividade docente.

Moi baixa	Baixa	Media	Alta	Moi alta
		23 %	46 %	31 %

- Disposición a facer cursos de reciclaxe e actualización.

Ningunha	Pouca	Moderada	Boa	Plena
		15 %	46 %	39 %

- **Actitudes, opinións e valoracións sobre a lingua galega:**

–En Galicia, debería usarse máis o galego.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
			23 %	77 %

–As matemáticas pódense aprender en galego.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
		8%	8 %	84 %

–A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
				100 %

–O uso do galego establecido na lexislación educativo é excesivo.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
69 %	31 %			

–O ensino en galego axuda a aumentar o prestixio social desta lingua.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
		15 %	15 %	70 %

–O galego é unha lingua axeitada para os videoxogos.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
		15 %	23 %	62 %

–A lingua galega debe ser fomentada socialmente.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
			15 %	85 %

– A distribución de materias en galego e castelán do noso centro é a máis axeitada para que adquiren competencia plena nas dúas linguas cooficiais.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
	15 %		31 %	54 %

-- Sería conveniente (de ser posible) estender o plurilingüismo (impartir algunha materia non lingüística nun idioma estranxeiro) á etapa da ESO como en primaria.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo
	8%	15 %	23 %	54 %

4.4. Situación do alumnado

No presente curso desde o EDLG realizamos unha enquisa sociolingüística ao alumnado da ESO co gallo de poder achegármonos dunha forma real – e non intuitiva- á situación e aos hábitos lingüísticos do noso alumnado.

Nela cubrimos as potenciais situacións comunicativas do estudantado: a familia, os amigos/as e o ámbito escolar. Ademais, en educación primaria tampouco demos unha opción intermedia de escolla lingüística (do tipo *as dúas*) para evitar encubrimentos de hábitos realmente non equilibrados ou de conflito lingüístico.

Os resultados obtidos referente aos usos lingüísticos na etapa de Educación Primaria (5º e 6º) foron os recollidos na seguinte táboa:

	GALEGO	CASTELÁN	OUTRAS
Lingua materna na que aprendín a falar	100 %		
Lingua habitual	100 %		
Lingua de uso coa nai	100 %		
Lingua de uso co pai	100 %		
Lingua de uso co(s) irmán(s) e coas irmás	100 %		
Lingua de uso na escola	100 %		
Lingua de uso coas amizades	100 %		
Lingua de uso co profesorado	100 %		
Escribo mellor	40%		
Leo mellor	60 %		

Falo mellor	100 %		
Entendo mellor	100 %		
Gustárame ter máis clases en	20 %		Inglés 80%
Gústame máis ler en	40 %	60 %	
Gústame máis escribir en	40 %	60 %	
Gústame máis ver películas, series, debuxos en	80 %	20 %	
Cando vou ao médico falo en	20 %	80 %	
Cando vou á cidade a unha tenda falo en	100 %		
Teño o idioma do móbil configurado en	40 %	60 %	
Prefiro ler as páxinas web en	100 %		

Valoración e actitudes sobre o galego

1- O galego é unha lingua axeitada para as novas tecnoloxías, ordenadores, videoxogos...

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
		100 %			

2- As matemáticas pódense aprender en galego.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
		40 %		60 %	

3- A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
				100 %	

•4- En Galicia, o galego é pouco útil.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC

20%				80 %	
-----	--	--	--	------	--

5-En Galicia, debería usarse máis o galego.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
				100 %	

6- A xente que fala castelán é máis culta.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
60%	20%				20 %

Os resultados obtidos referentes aos usos lingüísticos na ESO foron os recollidos na seguinte táboa:

	GALEGO	CASTELÁN	AS DÚAS	OUTRAS
Lingua materna na que aprendín a falar	78,95%	15,79%	0,00%	5,26%
Lingua habitual	89,47%	0,00%	10,53%	0,00%
Lingua de uso coa nai	84,21%	10,53%	0,00%	5,26%
Lingua de uso co pai	84,21%	5,26%	5,26%	5,26%
Lingua de uso co(s) irmán(s) e coa(s) irmá(s)	78,57%	7,14%	7,14%	7,14%
Lingua de uso na escola	89,47%	0,00%	10,53%	0,00%
Lingua de uso coas amizades	94,74%	0,00%	5,26%	0,00%
Lingua de uso co profesorado	94,74%	0,00%	5,26%	0,00%
Escribo mellor	36,84%	36,84%	26,32%	0,00%
Leo mellor	42,11%	36,84%	21,05%	0,00%
Falo mellor	73,78%	0,00%	15,79%	0,00%
Entendo mellor	52,63%	26,32%	21,05%	0,00%
Gustaríame ter máis clases en	42,11%	31,58%	0,00%	26,32%
Gústame máis ler en	42,11%	36,84%	21,05%	0,00%
Gústame máis escribir en	42,11 %	36,84%	21,05%	0,00%

Gústame máis ver películas, series, debuxos en	26,32	52,63%	21,05%	0,00%
Cando vou ao médico falo en	78,95%	21,05%	0,00%	0,00%
Cando vou á cidade a unha tenda falo en	57,89%	36,84%	5,26%	0,00%
Teño o idioma do móbil configurado en	26,32%	73,68%	0,00%	0,00%
Prefiro ler as páxinas web en	36,84%	47,37%	15,79%	0,00%

Valoración e actitudes sobre o galego

1- O galego é unha lingua axeitada para as novas tecnoloxías, ordenadores, videoxogos...

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
5,26		26,32	36,84	31,58	0

2- As matemáticas pódense aprender en galego.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
5,26		10,53	5,26	73,64	5,26

3- A adquisición de dúas (ou máis) linguas enriquece.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
		15,79	15,79	68,42	

4- En Galicia, o galego é pouco útil.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
47,37	15,79	5,26	15,79	5,26	10,53

5-En Galicia, debería usarse máis o galego.

Completamente en desacordo	Bastante en desacordo	Indiferente	Bastante de acordo	Completamente de acordo	NS/NC
			15,79	84,21	

6- A xente que fala castelán é máis culta.

Completamente	Bastante en	Indiferente	Bastante de	Completamente	NS/NC

en desacordo	desacordo		acordo	de acordo	
84,21		10,53			5,26

Ante estes resultados, conclúese que o idioma predominante do alumnado de 5º e 6º de EP e ESO é o **galego**. Mais tamén debemos destacar un dato que contrasta co conxunto das respostas: o feito de que o alumnado considere que as súas competencias comunicativas no ámbito da lecto-escritura son superiores en castelán ca en galego, a pesar do dominio do uso do segundo idioma. O máis probable é que esta autovaloración sexa froito do conflito lingüístico e da mala prensa social sobre o afastamento do estándar a respecto do galego dialectal. Polo tanto, este será un punto que debemos reforzar e traballar.

A pesar de non realizar ningún tipo de enquisa entre o alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, consideramos que os resultados tirados da enquisa realizada na ESO son totalmente extrapolables ao alumnado das outras etapas educativas impartidas no centro.

4.5. Situación lingüística do centro

Podemos considerar a situación lingüística do centro como moi positiva cara a utilización e valoración social da lingua galega. Na seguinte táboa ofrecemos os datos recollidos a través da observación sobre a situación lingüística xeral do centro.

Presenza da lingua galega nas documentacións escritas, rotulacións, taboleiros,...	Plena
Emprego do galego nas interaccións coa comunidade educativa e outras institucións	Plena
Utilización da lingua galega nas interaccións co alumnado en contextos informais	Ampla
Emprego da lingua galega por parte do persoal non docente	Pleno
Emprego da lingua galega pola ANPA	Pleno
Utilización da lingua galega nas actividades extraescolares	Plena *
Dotación de fondos en galego na biblioteca	Boa
Presenza da lingua galega na utilización das TIC	Boa
Visibilidade das accións do EDLG	Ampla

Neste momento a ANPA non existe.

4.6.Determinación da lingua materna predominante do alumnado

De acordo co Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia a lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se lles efectuará aos pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumnado antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna do seu fillo ou filla.

Os resultados da pregunta aos pais, nais, persoas titores ou representantes legais do alumnado para obter información respecto da lingua materna predominante entre o alumnado, e as actividades e estratexias de aprendizaxe para que este adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento das linguas oficiais para o alumnado de Educación Infantil incluírase anualmente como unha addenda do proxecto lingüístico.

O resultado da pregunta realizada ao alumnado de **nova incorporación** en Educación Infantil neste curso e nos pasados foi:

	2018-19	2017-18	2016-17
Galego	2	4	1
Castelán	0	0	0
Outras	0	0	0

Polo que se determina que a lingua predominante do alumnado é a Lingua Galega.

4.7.Materias impartidas en lingua Galega

-Educación infantil

Na etapa de educación infantil, o profesorado usa na clase a lingua materna predominante entre o alumnado, que no noso centro ven sendo habitual que sexa o galego. Procúrase que o material didáctico, na medida do posible, utilice esta lingua pero é necesario ter en conta as limitacións , que neste aspecto, ten o mercado destacando que a maioría dos materiais que existen na rede ou que utilicen as TIC están en castelán.

Co gallo de que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o castelán dentro dos límites propios da correspondente etapa ou ciclo. Para isto dedícaselle unha hora diaria á súa adquisición.

- Educación Primaria

DISTRIBUCIÓN DE LINGUAS NA EDUCACIÓN PRIMARIA												
	1º		2º		3º		4º		5º		6º	
Castelán												
Lingua castelá e literatura	C	4	C	4	C	4	C	4	C	4	C	3
Matemáticas	C	5	C	5	C	4	C	4	C	5	C	5
Relixión/Valores Éticos	C	1	C	2	C	1	C	1	C	1	C	1
Música	C	1	C	1	C	1	C	1	C	1	C	1
LC – Reforzo Castelán	-	-	-	-	-	-	-	-	-	-	C	1
Galego												
Lingua galega e literatura	G	4	G	4	G	4	G	4	G	4	G	3
Educación física	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2
Ciencias Sociais	G	3	G	2	G	3	G	2	G	2	G	3
Ciencias da Natureza	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2	G	2
LC – Reforzo Galego	-	-	-	-	-	-	G	1	-	-	-	-
Inglés												
Lingua estranxeira (Inglés)	I	2	I	2	I	3	I	3	I	3	I	3
EPV	I	1	I	1	I	1	I	1	I	1	I	1
CASTELÁN												
		11		12		10		10		11		11
GALEGO												
		11		10		11		11		10		10
Total semanal castelán												
	65											
Total semanal galego												
	63											
Total semanal inglés (Incluída Plástica)												
	22											

- Educación Secundaria

DISTRIBUCIÓN DE LINGUAS NA ESO								
	1º ESO		2º ESO		3º ESO		4º ESO	
Castelán								
Lingua castelá e literatura	C	4	C	3	C	3	C	3
Matemáticas	C	5	C	5	C	4	C	4
Tecnoloxía	-	-	C	3	C	2	-	-
Tecnoloxías da información e da comunicación	-	-	-	-	-	-	C	3
Relixión/Valores Éticos	C	1	C	1	C	1	C	1
Física e Química / Economía (en 4º da ESO)	-	-	C	3	C	2	C	3
Galego								
Bioloxía e xeoloxía	G	4	-	-	G	2	G	3
Xeografía e Historia	G	3	G	3	G	3	G	3
Educación física	G	2	G	2	G	2	G	2
Educación plástica e visual	G	2	-	-	G	2	-	-
Lingua galega e literatura	G	4	G	3	G	3	G	3
Música	-	-	G	2	G	2	-	-
Inglés								
Primeira lingua estranxeira (Inglés)	I	3	I	3	I	3	I	3
Francés								
Segunda lingua estranxeira (Francés)	F	1	F	1	F	2	F	3
Reforzo afondamento Francés 2º ESO	F	1	F	1	-	-	-	-
Titoría 1 hora semanal galego/castelán dependendo da actividade e material empregado								
CASTELÁN		10		16		12		14
GALEGO		15		10		14		11
INGLÉS		3		3		3		3
FRANCÉS		3		3		2		3
Total semanal castelán na ESO		53 horas						
Total semanal galego na ESO		50 horas						
Total semanal inglés na ESO		12 horas						
Total semanal francés na ESO		11 horas						

4.7.1. Medidas de apoio ou reforzo

As medidas de apoio ou reforzo neste centro deben enfocarse na tentativa de resolver carencias que van alén da cuestión do idioma. Referímonos a cubrir as necesidades que presentan alumnos/as para desenvólvense como lectores e creadores de textos competentes. Mais esta dificultade trabállase nas distintas aulas, xa non quedan reducidas ás disciplinas de linguas- ou, se as necesidades son máis importantes, con apoio ou guía personalizada fornecidos polo profesorado de PT ou polo propio orientador do centro.

4.7.2. Exención

O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia en 3º ciclo de educación primaria ou en educación secundaria obrigatoria, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares conforme ao establecido na Orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia, con relación á exención da materia de lingua galega.

A exención suporá a consignación de exento nos documentos oficiais de avaliación do alumnado.

O alumnado terá que asistir ás aulas como medio de integración lingüística e coa finalidade de que co seu esforzo persoal, con materiais didácticos específicos e cunha axuda continua do seu profesorado poida ter, ao remate do prazo da exención, un dominio adecuado da lingua galega e seguir as ensinanzas propias do nivel en que estea ou vaia matricularse en igualdade de condicións ca os demais compañeiros/as de clase.

O incumprimento por parte do alumno do establecido no punto anterior determinará, logo dos informes pertinentes e oído o interesado e, se é o caso, pais, nais, titores/as ou representantes legais do alumno/a, a revogación da exención.

Tanto a revogación como a denegación da exención producirán como efecto a obriga para o alumnado de ser cualificado nas avaliacións parciais e finais ao final do curso en que estea.

Nos respectivos documentos oficiais de avaliación farase constar a exención concedida e, se é o caso, a posible revogación e a conseguinte cualificación.

4.7.3. Actividades extraescolares.

- Todas son convocadas en lingua galega.
- A maioría dos actos, faladoiros, obras teatrais, contacontos... desenvólvense en galego.
- As actividades convocadas polos departamentos ou profesorado, tanto de primaria como de ESO de lingua castelá, inglés ou francés desenvólvense na lingua correspondente non habendo ningunha limitación para a realización de ditas actividades.

5 OBXECTIVOS DO PLAN DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

5.1 Obxectivos cara a contorna sociolingüística

1º) Colaborar con outros axentes do contorno (concello, ANPA, outros EDLA...) na planificación e elaboración conxunta de posibles actividades a prol da lingua galega en particular, e da cultura da zona en xeral.

2º) Potenciar nas familias a valoración positiva cara ao galego como instrumento útil en calquera ámbito da vida rachando con posibles actitudes e comportamentos diglósicos.

5.2 Obxectivos cara ao profesorado

1º) Fornecer ao profesorado de información sobre materiais, recursos educativos e ferramentas TIC dispoñibles en galego.

2º) Adquirir, de acordo coas posibilidades económicas do EDLG, aqueles materiais e recursos educativos e pedagóxicos demandados polo profesorado.

3º) Implicar ao maior número de profesorado posible no deseño e realización das actividades do EDLA.

5.3 Obxectivos cara ao alumnado

1º) Estimular no alumnado unha visión positiva e moderna cara ao galego vinculándoo no posible co mundo das novas tecnoloxías, da música, banda deseñada e da produción audiovisual, etc.

2º) Consolidar a competencia plena en galego escrito e que non abandonen o seu uso e a práctica oral.

3º) Potenciar actitudes no alumnado dirixidas a consolidar o uso da lingua galega como instrumento de comunicación válido en calquera contexto e situación social rexeitando posibles prexuízos lingüísticos existentes aínda na sociedade.

4º) Favorecer o prestixio e valoración positiva da nosa variante dialectal e da cultura da nosa comarca.

5.4 Obxectivos cara ao centro

1º) Continuar coa adquisición de materiais e recursos bibliográficos, audiovisuais e pedagóxicos.

2º) Manter o uso do galego en todas as actividades docentes e administrativas do Centro.

6 . DOCUMENTO PARA O FOMENTO DO USO DO GALEGO, CASTELÁN, INGLÉS (1ª lingua estranxeira) E FRANCÉS (2ª lingua estranxeira)

Tanto as dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma como as linguas estranxeiras que se están a impartir neste centro teñen como finalidade conxunta que o alumnado poida desenvolver, entre outras, a competencia lingüística acorde coa lingua utilizada. Por isto queremos marcar unhas pautas de actuación comúns:

1.Reforzar 1 hora de francés en 1º e 2º da ESO a través da materia de libre configuración do centro.

2.Realización na aula de actividades de comunicación e expresión oral e escrita nas catro linguas.

3.Fomento da importancia da lectura nos catro idiomas na aula e tamén no tempo de lecer do alumnado mediante a lectura de libros de préstamo da biblioteca do centro, polo que é moi importante que a biblioteca ofrezca libros nos catro idiomas: galego, castelán, inglés e francés.

4.Uso das TIC's para a práctica das catro linguas con xogos e actividades especiais en Internet .

5.Realización de traballos na aula sobre diferentes autores, obras, cine, teatro, poesía, para fomentar ademais o traballo en equipo por parte do alumnado e potenciar a busca en Internet, enciclopedias, dicionarios, etc.

6.Aprendizaxe de cancións nos catro idiomas (cancións do nadal, de aniversario, himnos, cancións de éxito noutros países, etc.) para a súa posterior utilización e representación.

7.Redacción de contos, poemas, obras de teatro, curtas, etc, elaborados polos alumnos/as nas catro linguas para fomentar tamén a creatividade e a expresión e comunicación oral coa perda do medo escénico e timidez dos estudantes para falar e actuar en público.

8.Elaboración de murais, debuxos, bandas deseñadas, etc; con lemas para fomentar o uso de calquera das catro linguas no centro.

9.Elaboración da revista *Sendiñela* coordinada polo Equipo de Dinamización da Lingua Galega, que fomentará a inclusión de artigos sinxelos en linguas estranxeiras (inglés e francés), en castelán e mesmo en portugués. Porén o idioma maioritario da revista deberá ser o galego.

10.Saídas ao cine e ao teatro para ver películas ou obras de teatro nas catro linguas, sempre que sexa posible.

11.Incorporar unha aproximación á lingua portuguesa a través da área de galego, da revista escolar e de obradoiros específicos coma o OPS! O Português Simples organizado pola AGAL ou outras actividades e obradoiros similares.

12.Dentro do plan de fomento coordinado desde o equipo de dinamización da biblioteca escolar seguiranse os seguintes obxectivos:

- Fomentar o hábito lector en todas as áreas e todos os niveis que facilitará a paulatina capacitación do alumnado nas competencias básicas que se pretenden, de cara á súa formación como cidadáns activos e solidarios.
- Fomentar a lectura como pracer, non coma unha obriga, ao mesmo tempo que sirva como medio para adquirir coñecementos.
Dinamizar o espazo da biblioteca gracias á organización de diferentes actividades .
- Xestionar aspectos técnicos da biblioteca como a catalogación, reposición, adquisición de novos fondos...

Para acadar estes obxectivos seguirase o seguinte plan de actividades que poderá ser modificado ou ampliado anualmente dentro da PXA:

- Continuar co préstamo semanal dos fondos da biblioteca.
- Expor unha serie de libros coas temáticas das datas de conmemoración propostas no plan de actividades complementarias
- Continuar co clube de lectura "*Follas bravas*"
- Dotar a biblioteca dun andel e taboleiro de novidades
- Continuar dotando de máis material a biblioteca.
- Manter actualizado o inventario dos fondos de nova adquisición.

- Organizar concursos varios nos que se dinamice o uso da biblioteca.
- Continuar coa actividade de “Este gustoume” no que os alumnos amosan cal é a súa opinión sobre as lecturas realizadas.
- Achegar a literatura ao noso alumnado a través da visita de autores- ilustradores ao noso centro.

7 PROGRAMAS LINGÜÍSTICOS

7.1 Seccións bilingües e centro Plurilingüe

Dende o curso 2010-11 está en funcionamento a sección bilingüe e actualmente estamos dentro da rede de centros plurilingües en Educación Primaria impartindo Educación Plástica en inglés.

7.2 Anticipación da primeira lingua estranxeira.

No curso 2002-03 iniciamos o programa de anticipación da primeira lingua estranxeira en educación infantil e 1º ciclo de educación primaria.

7.3 Programa PIALE

Este curso a coordinadora da sección bilingüe e centro plurilingüe está a participar nos programas de inmersión lingüística PIALE no Canadá.

7.4 Axudas-le e semana de inmersión lingüística “English Week”

Fomentamos a participación do alumnado nestes programas. O curso pasado o alumnado de 6º de EP participou na English Week nos Peares.

7.5 Auxilliar de conversas

Contamos cunha auxiliar de conversa que está totalmente implicada no funcionamento do centro, e que de xeito voluntario, coordinado e supervisado polos respectivos especialistas en inglés de EP e da ESO imparte obradoiros de comunicación oral en inglés nos períodos de lecer dos mércores para o alumnado que o desexe.